



ALGUNHAS RAZÓNS POLAS QUE O EQUIPO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DE

SE OPÓN AO BORRADOR DO NOVO DECRETO QUE PROMOVE A ACTUAL XUNTA DE GALICIA.

- Porque o propio Secretario Xeral de Normalización Lingüística (Anxo Lorenzo) vén de declarar que nas aulas non atopa ningún problema no tema das linguas.
- Porque había un consenso político que este borrador racha por completo, crispando a vida escolar e abocando o alumnado a un fracaso maior que o actual.
- Porque altera o desenvolvemento habitual do ensino nos centros públicos, nos que non había rexeitamento á aplicación do Decreto actual.
- Porque a Lingua Galega é a lingua propia de Galicia, onde está en claro retroceso e necesita dunha protección especial fronte ás linguas de prestixio coas que está en contacto, nomeadamente o castelán, que non corre perigo ningún en Galicia. É o que se coñece como discriminación positiva.
- Porque o ensino de calidade comeza por acadar unha competencia real nas dúas linguas, cousa que constatamos como profesionais cada día nas aulas: non é comparable o nivel de competencia existente en castelán co que teñen en galego, xa que este último é claramente inferior. Este borrador é un paso atrás neste apartado.
- Porque estamos a favor de respectar os dereitos lingüísticos de todo o alumnado conforme garanten todos os tratados internacionais.
- Porque as entidades máis significativas no ámbito pedagógico, lingüístico, cultural, sindical e nomeadamente a propia Real Academia Galega da Lingua, rexeitaron este novo decreto acusándoo de inaceptable.
- Porque deixa en mans dos pais e nais cuestións de tipo pedagógico que sen embargo non se trasladan a outras materias. Por que non teñen o mesmo dereito a modificar o currículo en Naturais, Matemáticas, Sociais...?
- En fin, porque se temos algo que nos define como galegos é a nosa lingua, herdada dos nosos devanceiros e que non queremos deixar de transmitila ás novas xeracións.

Ferrol, xaneiro de 2010